

# Máis de 350.000€ para mellorar a estrada de A Susana a Ponte Ledesma

As obras, que inclúen o bacheo e aglomerado da estrada, darán comezo na primavera de 2023

A Xunta de Galicia vai investir máis de 350.000 euros na mellora do firme da estrada AC-960, no tramo da Susana a Ponte Ledesma. As obras darán comezo esta mesma primavera, co fin de telas rematadas no 2023, xa que conta cun prazo de execución de seis meses.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, dá así cumprimento a un compromiso adquirido co alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, durante unha visita realizada ao municipio. Un encontro no que as autoridades locais lle fixeron chegar os desperfectos existentes no firme da AC-960 e mesmo a acompañaron ata a estrada, onde a conselleira puido comprobar as necesidades sobre o terreo. Agora, o departamento autonómico vén de sacar a licitación estas obras, que serán adxudicadas en xaneiro de 2023.

Os traballos consistirán



A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade visitou a zona xunto ao alcalde Manuel Fernández e o deputado Ovidio Rodeiro

en realizar fresados localizados de 5 centímetros nos 16,91 km da estrada, á que se lle aplicará un rego de adherencia para mellorar a súa seguridade viaria. Finalmente, reporase o firme da estrada con outros 5 centímetros de aglomerado en quente, ademais da renovación da sinalización horizontal.



As obras de mellora dos 17 km da AC-960 estarán rematadas en 2023



## CALENDARIO DE PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
2 xan	8 xan	Gastrar	Campo da festa
9 xan	15 xan	Boqueixón	Campo da festa
16 xan	22 xan	Codeso-Donas	Campo da festa
23 xan	5 feb	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura
6 feb	12 feb	Ledesma	Campo da festa



## Concello e Xunta acometen obras de mellora no centro sociocultural de Codeso

Investiron máis de 35.000 euros na solución dos problemas de humidades e nun novo escenario

O Concello de Boqueixón e a Xunta de Galicia veñen de investir máis de 35.000 euros na mellora das instalacións do centro sociocultural de Codeso. Así o puido comprobar o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, quen visitou as instalacións en compañía do alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e o deputado autonómico Ovidio Rodeiro.

Lorenzo destacou que se trata dunha medida “coa que a Xunta impulsa a modernización dos espazos culturais, adaptándoos ás necesidades que require o desenvolvemento dunha oferta estable, diversa e de calidade tanto nas zonas urbanas como rurais”.



Anxo Lorenzo e Manuel Fernández visitan as renovadas instalacións

### Obras realizadas

As obras permitiron solucionar os problemas de humidade e filtracións de auga polos lucernarios da cuberta, entre outros. Así, os traballos consistiron na substitución das claraboias

de cuberta e reposición do falso teito danado, así como no illamento acústico das paredes do auditorio mediante a colocación dun revestimento mural en paredes e teito.

A maiores, colocouse

tarima flotante sobre o pavimento do escenario e revestíuse con taboleiros contrachapados a súa fronte, pintáronse paredes e teitos e cambiouse a porta contra incendios.

Os traballos contaron cun financiamento do 65% por parte da Xunta de Galicia ao abeiro dos programas de axudas á mellora do equipamento das instalacións e locais culturais dos concellos e á modernización das infraestruturas de artes escénicas e musicais, aos que o Goberno galego destina máis de 2,5 millóns de euros. O Concello de Boqueixón achegou os 12.700 euros restantes procedentes de fondos propios.



O Concello de Boqueixón distribúe 48 contedores para ampliar o servizo de recollida selectiva de residuos orgánicos, actuación subvencionada ao abeiro da axuda para o financiamento de proxectos en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.



**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.

**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación

**Distribución gratuíta**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61

**Educación e Cultura:** 981 51 31 15

**Servicios Sociais / CIM:** 981 51 30 06



# Os Reis Magos chegarán á Casa da Cultura de Camporrapado o xoves 5 de xaneiro

A tradicional visita de Papá Noel á rapazada das escolas unitarias de Lestedo, Sergude e Camporrapado, da escola infantil municipal Raíña Lupa e do CPI Antonio Orza Couto, así como unha achega ata a residencia de maiores, abriu este ano a programación de Nadal do Concello de Boqueixón. Un programa que continúa estes días cunha nova edición do Nadal Activo, o programa de conciliación laboral e familiar para estas datas de vacacións escolares.

Para o xoves 5 de xaneiro está prevista a Recepción das Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente na Casa da Cultura de Camporrapado. Ás 17:00 horas, Educateatro porá en escena un conto clásico como



Papá Noel visitou aos nenos e nenas do CPI Antonio Orza Couto, da escola infantil municipal Raíña Lupa e das unitarias de Lestedo, Sergude e Camporrapado

“*Carapuchiña Vermella*”. Ás 18:30 horas dará comezo a tradicional recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar, que incluírá un sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras.

A asistencia tanto ao teatro como á recepción é de

balde, pero será preciso anotarse antes en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

Poden apuntarse ata 4 nenos e nenas (de ata 10 anos de idade) así como dúas persoas adultas por cada familia. As prazas outorgaranse por orde de inscrición, ten-

do preferencia os nenos e nenas empadroados en Boqueixón e aqueles que estean matriculados nalgún centro de ensino do municipio.

Un día despois, o venres 6 de xaneiro, *Boqueixogo* chegará ao pavillón polideportivo. De 17:30 a 20:30 horas haberá inchables e obradoiros para os nenos e nenas de Boqueixón. Unha actividade aberta a toda a cativada, sen necesidade de inscrición previa.

E o domingo 8 de xaneiro, ás 12:00 horas, a casa da cultura de Camporrapado acollerá unha sesión de teatro familiar: “As pitas baixo a choiva”, de Teatro dos Ghazafellos. Unha divertida peza teatral baseada nun relato de Ricardo Carvalho Calero.



## Andion Clothing, unha tenda familiar que leva Boqueixón por todo o mundo

Carmen Pichel e Carmen María Mogo, nai e filla, están a levar o nome de Boqueixón por diversos puntos de España e mesmo a nivel internacional, onde a súa roupa a medida chega incluso ás tendas de Xapón, Londres ou Estados Unidos. Andion Clothing protagoniza a reportaxe do mes do prestixioso suplemento YES, que recolle a historia deste pequeno taller de Boqueixón, operativo desde 1975, e que agora arrasa nas redes sociais e nas vendas en-liña cunha conta en Instagram (@andion\_clothing) con máis de 79.000 seguidores, dende onde venden roupa feita a medida.



## Víctor Curros colabora na declaración do toque manual de campás como Patrimonio Cultural da Unesco

Víctor Curros, de Campaneros de Santa María de Lamas e Sergude de Boqueixón, foi un dos apoios en Galicia da candidatura do toque manual de campás a Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco, declaración que se produciu o pasado 30 de novembro en Rabat (Marrocos). Un merecido recoñecemento que contribuirá a preservar esta tradición e que supón un premio a moitas asociacións como a liderada por Víctor Curros, que levan 4 anos traballando para conseguilo.

## O Pleno Infantil debate sobre os dereitos dos nenos e das nenas

Boqueixón acolleu a sétima edición do Pleno Infantil, organizada polo Departamento de Servizos Sociais dentro das actividades dirixidas á infancia e á adolescencia propostas por Unicef Galicia para conmemorar o *Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas*. Corenta nenos e nenas de 5º e 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto acudiron á casa consistorial para trasladarlle ao alcalde, Manuel Fernández Munín, e á concelleira de Ensino, Marta Copóns Neira, as súas reflexións sobre os seus dereitos.

Unha rapazada que rematou asinando co alcalde un manifesto con tres compromisos acadados na aula para que non exista discriminación entre eles: ter compa-

ñeiros comprensivos que saiban ter empatía e respecto polos demais, que todos os nenos e nenas consideremos as opinións dos demais aínda que sexan diferentes ás nosas e respectar aos profesores como eles nos respectan a nós.

Fernández Munín explicou que “con esta actividade queremos fomentar a participación das nenas e nenos e facer de Boqueixón un concello sensibilizado coa infancia e a adolescencia”. Se ben empezaron tímidos, co paso dos minutos todos os presentes xa tiñan presentado varias suxestións á Alcaldía, rompen en aplausos ao coñecer que o Concello vai renovar o chan dos parques infantís das unitarias de Lesedo e Camporrapado.



Trece “concelleiros/as por un día” plantexaron as súas reclamacións ao alcalde



### Premio a Bo-Queixo na XXV Cata dos Queixos de Galicia

A XXV Cata dos Queixos de Galicia, celebrada no pazo de Quián (Sergude), distinguiu á empresa local Bo-Queixo, de José Castro Tejo, coa medalla de bronce na categoría de “Arzúa Ulloa”. Unha edición na que participaron 43 mostras de 30 queixerías. As distincións foron entregadas polo conselleiro do Medio Rural, José González, quen estivo acompañado polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, e polo director xeral de Gandaría Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros.



### Representantes turísticos de Cerdeña visitan Enoturismo María Manuela

Unha delegación de sete GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural) de Cerdeña (Italia) e integrantes do GDR Terras de Compostela visitaron as instalacións de “Enoturismo María Manuela”. En total, máis de sesenta persoas que forman parte do proxecto de cooperación “Camiñatas do Espírito”, visitaron o complexo turístico boqueixonés, que aúne o turismo enolóxico coa confluencia de dúas rutas xacobeas, co fin de iniciar un modelo de circuito de camiños relixiosos nas zonas rurais de Cerdeña.





1º PREMIO

"As cores de Neira Vilas", de Fernando Lueiro Balado



2º PREMIO

"Amencer no Pico Sacro", de Belén Iglesias Cajaraville



3º PREMIO

"Noite no Pico", de Elisabet López Carvahais

## O Concello entrega os premios do concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón"

"As cores de Neira Vilas", unha fermosa vista de paraxo das Illas de Gres de Fernando Lueiro Balado, foi a fotografía gañadora da oitava edición do Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón". Un certame que ten como obxectivo fomentar a creatividade e a promoción e posta en valor da riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do municipio.

O xurado do certame escolleu a imaxe de Fernando Lueiro de entre as 99 fotografías presentadas a concurso este ano, o que supón un récord absoluto no certame, cuxo listón estaba nas 86 da sexta edición. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, salientou o labor deste fotógrafo, cu-



Entrega dos premios ás fotografías gañadoras de "Paisaxes de Boqueixón"

xas tres propostas foron elixidas entre as 12 integrantes do calendario 2023 do Concello.

O Pico Sacro foi o protagonista das dúas outras fotografías gañadoras. Así,

Belén Iglesias Carajaville conseguiu o segundo premio cun espectacular "Amencer no Pico Sacro"; mentres que Elisabet López Carvahais logrou o terceiro posto cunha "Noite no Pico".

O alcalde de Boqueixón, acompañado polos concelleiros de Turismo, José Manuel Canabal Vázquez; e de Economía, José Manuel Iglesias Gómez, fixo entrega dos premios aos tres primeiros clasificados: vales de compra que poderán canxear en calquera establecemento do municipio por un importe de 200, 100 e 50 euros, respectivamente.

As súas imaxes, canda outras nove máis, ilustran o calendario 2023 do Concello de Boqueixón, que recolle a información de interese para a veciñanza: festivais (nacionais, autonómicos e locais), días de feira, festas parroquiais e tamén o ciclo da lúa, así como a tradicional escolma de teléfonos de interese no municipio.

## A Unión Musical Ponteledesma achega as Músicas do Camiño

A Casa da Cultura de Camporrapado acolleu o concerto "Música no Camiño de Santiago. A vía da prata", protagonizado pola Unión Musical Ponteledesma. Un evento organizado pola Unión Musical Ponteledesma en colaboración co Concello de Boqueixón, a Xunta de Galicia e o Xacobeo 21-22.

O ciclo "Música no Camiño" cumpre xa cinco anos divulgando a cultura xacobeá e promovendo a música galega tanto entre a veciñanza como entre os peregrinos que se achegan ás etapas finais do Camiño. Unha iniciativa da que a Unión Musical de Ponteledesma forma parte dende o seu inicio.



Concerto da UM Ponteledesma na Casa da Cultura de Camporrapado



**ZUMBA CLASS**  
EVENTO SOLIDARIO

ZUMBA SOLIDARIA

**SÁBADO 14**  
**XANEIRO**  
ÁS 18:00H

PRISCILLA  
MAITE  
ÁNGEL & AINHOA  
LUCÍA  
GABRI

MAIS INFO:  
648.20.90.27

RECOLLIDA DE PRODUCTOS DE HIXIENE PERSOAL E DO FOGAR

COLABORA CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ESCOLAS DEPORTIVAS.

PAVILLÓN MUNICIPAL DE O FORTE

## Zumba solidaria no polideportivo do Forte

O Concello de Boqueixon colabora nunha Zumba Class Solidaria, que terá lugar o sábado 14 de xaneiro, a partir das 18:00 horas, no pavillón municipal do Forte. Trátase dunha iniciativa dun grupo de persoas que participan nas clases de zumba do ximnasio municipal e que ofrecen tanto a grupos de practicantes desta modalidade dentro das actividades fitness como a calquera persoa que desexe sumarse.

Varios instrutores da contorna virán ese sábado a Boqueixón a impartir unha masterclass de zumba cun obxectivo solidario: recoller produtos de hixiene persoal e do fogar. Unha achega que será recollida o mesmo día no pavillón do Forte e que servirá

para poder participar na masterclass. Entre eles figura Ángel, que dá clases en Boqueixón e en Kenko Global Center de Santiago de Compostela (rúa do Pombal); Maite, que dá clases na Baña e Negreira; Gabriel, que fai o propio en Carballo e no ximnasio World Fit Carballo; Priscilla que imparte zumba na Estrada; e Lucía e Ainhoa, que traballan en Santiago e na contorna.

Así mesmo, varios establecementos de Boqueixón sumaranse á recollida solidaria e neles se poderán deixar as achegas: Ferretería Torres (Rodiño Grande, 16. Sergude), Peluquería Nieves (Baiuca. Ledesma), Librería Lino (Lestedo), e Peluquería Mónica (Loureiro, 1. Pousada).

### Cinco crianzas de Boqueixón irán esquiar en xaneiro a Valgrande-Pajares

O Concello de Boqueixón cubriu a cinco prazas dispoñibles para a Campaña da Neve 2023, promovida pola Deputación da Coruña. Cinco persoas que foron escollidas nun sorteo público realizado polo secretario municipal, toda vez que se presentaron máis solicitudes ca prazas dispoñibles.

As crianzas, de idades comprendidas entre os 11 e os 15 anos, desfrutarán dunha estancia na estación de esquí de Valgrande-Pajares (Asturias) do 3 ao 6 de febreiro.



### O CPI Antonio Orza Couto acolle unha charla sobre hábitos de estudo

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa ANPA O Forte e a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, organizaron unha charla gratuítasobre pautas para promover hábitos de estudo. Durante unha sesión, celebrada nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto, a pedagoga Ana Couto, experta en técnicas de estudo e creadora do programa "Estudiar con sentido", ofreceulle aos pais e nais unha serie de claves para fomentar a autonomía no estudo dos seus fillos e fillas.

### Máis de medio milleiro de votos para o Carballo de Gregorio

A Acíñeira do Monte da Redonda (Colindres, Cantabria) é a Árbore do Ano en España 2023 ao sumar un total de 6.128 votos na campaña de votación celebrada durante o pasado mes de decembro. Agora afrontará a competición por ser a árbore do ano a nivel europeo.

O noso representante, o Carballo de Gregorio (Rodiño-Sergude), comezou con forza pero foi perdendo posicións segundo foron avanzando as votacións, que rematou cun total de 554 votos.



## Anacos do noso

# Manuel Ballesteros Vaamonde, o inicio da saga familiar na Alcaldía

Continuamos o noso percorrido pola historia das distintas persoas que, nalgún momento das súas vidas, portaron o bastón de mando en Boqueixón nos últimos 183 anos. Tras coñecer as figuras de Juan Moscoso Salazar e José Joaquín Illobre, primeiros alcaldes do municipio, este mes imos achegarnos a dous alcaldes pertencentes á mesma familia: Manuel Ballesteros Vaamonde e Antonio Ballesteros Gil, terceiro e noveno alcaldes, respectivamente.

### Manuel Ballesteros Vaamonde

Natural de Ardesende (Codeso), pertenceu a unha das familias máis poderosas de Boqueixón no século XIX. Del sa-

bemos que foi unha persoa moi lonxeva, pois foi bautizado o 26 de decembro de 1781 e faleceu o 27 de xaneiro de 1883, a idade de 102 anos. Casou en Ribela (A Estrada) o 8 de xaneiro de 1825 con Juana María Cayetana Gil Otero, familiar do bispo de Lugo e Arzobispo de Santiago, Cayetano Gil Taboada, e do bispo de Osma e Arzobispo de Sevilla, Felipe Gil Taboada. Ambas as dúas familias tiñan emprego de cabaleiros.

Manuel Ballesteros Vaamonde foi nomeado alcalde de Boqueixón en 1841, despois de que o xeneral Espartero se fixera coa rexencia. Unha primeira etapa na Alcaldía que só lle durou un ano: ata 1842.

Ao volver Espartero ao poder, no 1854, volveu tamén Manuel Ballesteros á máxima representación municipal. Desta vez permaneceu na Alcaldía ata 1856, momento no que un novo Golpe de Estado expulsou aos progresistas do poder.

Polo seu testamento, feito un ano antes de volver á Alcaldía de Boqueixón, sabemos que era posuidor do maiorazgo fundado por Gonzalo del Villar e Juana Porrúa ao que pertence a Casa de Monteagudo, en San Jorge de Codeseda; e que, por parte da súa nai, tamén ten por herdanza un vencello fundado polo capitán José Vázquez Vaamonde situado no antigo Coto de Codeseda.

### Antonio Ballesteros Gil

O matrimonio formado por Manuel Ballesteros Vaamonde e Juana María Cayetana Gil Otero tivo oito descendentes, cinco varóns e tres mulleres. O seu primoxénito, Antonio Francisco Manuel Alejandro del Socorro Ballesteros Gil, seguiría a traxectoria política do seu pai e, despois de desempeñar varios cargos, chegou mesmo a ser tamén alcalde de Boqueixón durante un breve período de tempo no ano 1875. Del se recorda que celebrou as xuntanzas municipais na súa residencia de Codeso. Nado en 1827 en Ardesende (Codeso), morreu solteiro o 18 de xuño de 1895, aos 68 anos de idade.

## Nova convocatoria do Programa de Turismo do Imserso

O Departamento de Servizos Sociais informa de que volve estar aberto o prazo de presentación de solicitudes no Programa de Turismo para persoas maiores da tempada 2022-2023. Unha convocatoria extraordinaria só para aquelas persoas que non estean dadas de alta con anterioridade (polo que os veciños/as que xa se deran de alta en xullo non teñen que presentar nada).

Para tomar parte hai que ser pensionista de xubilación do Sistema Público español de Pensións, de viuvez (con 55 anos cumpridos), por outros conceptos (con 60 anos cumpridos) ou ser beneficiario do Sistema da Seguridade Social (con 65 anos cumpridos).

As solicitudes poden presentarse na sede electrónica do Imserso. As persoas que desexen tramitalas a través do Departamento de Servizos Sociais de Boqueixón deben solicitar cita previa no 981 513 106.



## O Imserso convoca o Programa de Termalismo 2023

O Departamento de Servizos Sociais de Boqueixón informa da apertura do prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de Termalismo do Imserso 2023. Haberá dúas quendas: de febreiro a agosto (con prazo de solicitude aberto ata o 9 de xaneiro) e de setembro a decembro (ata o 15 de maio).

As quendas, que poderán ter unha duración de 12 días (11 pernactacións) ou de 10 días (nove pernactacións) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa.

Os veciños e veciñas que estean interesados en participar no programa e que desexen tramitar a súa solicitude no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón deberán solicitar cita previa no teléfono: 981 513 106. Máis información en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).



# Concelleiros da primeira lexislatura da democracia de Boqueixón visitan o Parlamento de Galicia

Un grupo de cinco concelleiros que formaron parte da primeira lexislatura da democracia do Concello de Boqueixón visitaron a mediados de decembro as instalacións do Parlamento de Galicia, onde foron recibidos polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira. Acudiron acompañados polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernandez Munín, e polo deputado autonómico Ovidio Rodeiro Tato, podendo visitar o hemiciclo, as salas de traballo das distintas comisións, os espazos dedicados aos partidos políticos e o despacho do presidente da Cámara, que se encargou de informarlles sobre o funcionamento da institución, que vén de celebrar o seu corenta aniversario.

Os concelleiros da primeira corporación democrática de Boqueixón que asistiron á visita foron: Arturo Villar López, José Jesús Rendo Soutullo, Emilio Couto Fandiño, José Raviña Otero e David Calvelo Otero. Como explica o al-



Concelleiros, alcalde e deputado foron recibidos polo presidente do Parlamento

calde, “cada ano estes cinco concelleiros que quedan da primeira lexislatura en

Boqueixón fan un xantar por estas datas próximas ao Nadal, ao que somos

convidados eu como alcalde e Ovidio Rodeiro como deputado autonómico. E pensamos que sería unha visita do seu interese” achegarse ata o Parlamento de Galicia, como así foi.

Neste sentido, Manuel Fernandez Munín apunta que “fixemos unha visita moi interesante ao Parlamento, guiados polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices, que nos levou polos distintos departamentos, por onde se celebran as comisións e polo hemiciclo, algo que lles gustou moito a todos”.

Como anécdota da xornada, o alcalde boqueixonés mencionou que “os cinco concelleiros recordaron e comentaron durante a visita como eran aqueles tempos da primeira corporación en Boqueixón. Eran catro grupos políticos distintos pero a gran maioría dos acordos se tomaban por unanimidade, algo que hoxe non está no pensamento de ninguén nin nos concellos, nin no Parlamento nin en ningures”.

## AXENDA DO MES DE XANEIRO

Xoves  
5

### Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado  
Ás 17:00 horas.

Educateatro pon en escena a obra “Carapuchiña Vermella”.

Ás 18:30 horas.

Recepción das Sús Maxestades os Reis Magos.

Reservas na web [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal) ata esgotar aforo.

Sorteo de agasallos entre as persoas asistentes, en colaboración con SBC

Gasolineras.

Venres  
6

### Boqueixogo

Pavillón do Forte  
De 17:30 a 20:30 h.

Inchables, obradoiros... Entrada libre e de balde.

Domingo  
8

### “As pitas baixo a choiva” Teatro dos Ghazafellos

Casa da Cultura de Camporrapado. 12:00 horas.  
Entrada libre e de balde.

Sábado  
14

### Zumba Class Solidaria

Pavillón do Forte  
A partir das 18:00 h.

Recollida solidaria de produtos de hixene persoal e do fogar.

### ... e en febreiro

Viernes  
3

### Charla sobre plantas medicinais

Casa da Cultura de Camporrapado. 12:00 horas.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com